



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés e M^a Soledad Soneira Tajés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa **resposta por escrito**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As formas de proceder para lograr un aumento de actividade no rural galego están variando sobre as que se teñen adoitado no pasado: introdución de tecnoloxías modernas, facilidades para que as fincas teñan un tamaño axeitado, mellora das comunicacións viarias para acurtar e facer máis sinxelas as conexións entre distintos puntos... Estas e outras medidas contribuirán á estabilización da produtividade e ao asentamento da poboación no rural de Galicia.

Ese cambio, sen dúbida, ten consecuencias claras con respecto aos investimentos de apoio, tanto no presente como no futuro, no ámbito rural en xeral, nas comarcas e nos concellos galegos.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1.- Cales son os investimentos realizados pola Consellería de Medio Rural nos anos 2005, 2006 e 2007 en materia de infraestruturas nos concellos de A Estrada, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña, Portas, Pontecesures, Valga, Campolameiro e Barro? (Especificando por concello e por cada tipo de proxecto).


2.- Cal é a previsión de investimentos desta Consellería no ano 2008 para infraestruturas en cada un dos concellos relatados anteriormente? (Especificando por concello e por cada tipo de proxecto).

3.- Segundo a Consellería de Medio Rural, cales son as previsións de investimento máis destacables en cada un dos concellos relacionados para o ano 2009? (Especificando por concello e por cada tipo de proxecto).

Pazo do Parlamento, 4 de novembro de 2008

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
M^a Soledad Soneira Tajés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

..... **Asinado dixitalmente por:**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María del Carmen Cajide Hervés na data 04/11/2008 16:51:40

María Soledad Soneira Tajés na data 04/11/2008 16:51:50